

DURACIÓN: 2.000 horas (2 cursos académicos).

- **Formación no centro educativo:**
5 trimestres (aproximadamente).
- **Prácticas en empresas:**
1 trimestre (aproximadamente).

REQUISITOS DE ACCESO

Ciclo medio

- Título da ESO ou titulacións equivalentes para efectos de acceso a ciclos.
- Título profesional básico ou os módulos obrigatorios dos PCPI do curso 2011-2012 ou seguintes.
- Certificación de superación das probas de acceso a ciclos ou outras vías de acceso a ciclos de grao medio.

Ciclo superior

- Título de bacharelato ou equivalente para efectos de acceso a ciclos.
- Título de técnico LOE ou LOXSE (ciclo formativo de grao medio).
- Certificación de superación das probas de acceso a ciclos superiores ou outras vías de acceso a ciclos de grao superior.

ACCESO DIRECTO A OUTROS ESTUDOS

Dende Formación Profesional Básica:

- Ciclos formativos de grao medio.
- Posibilidade de obter o título de graduado na ESO.

Dende os ciclos de grao medio:

- Ciclos formativos de grao superior
- Bacharelato.

Dende os ciclos de grao superior:

- Universidade.

PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA (datos orientativos)

- **Preinscrición:**
2ª semana de xuño.
- **Primeiro prazo matrícula:**
Primeiros días de xullo.
- **Segundo prazo matrícula:**
Primeiros días de setembro.



CONCELLO DE NOIA



IES "Campo de San Alberto"

Rúa Egas Moniz nº 6 - 15200 NOIA (A Coruña)

Tlf. 881 867 135 - Fax 881 867 144

www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto/

IES CAMPO DE SAN ALBERTO



CICLOS FORMATIVOS

- CICLO DE GRAO MEDIO DE **XESTIÓN ADMINISTRATIVA**
- CICLO DE GRAO SUPERIOR DE **ADMINISTRACIÓN E FINANZAS**
- CICLO DE GRAO MEDIO DE **INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACIÓN**
- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA EN **ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA**
- CICLO DE GRAO SUPERIOR DE **LABORATORIO CLÍNICO E BIOMÉDICO**

Estuda e aprende na empresa

FP FORMACIÓN
PROFESIONAL
ESPECÍFICA

*Fórmate e accede
ao mercado laboral*

FAMILIA PROFESIONAL "ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN"

CICLO DE GRAO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Que título se obtén?

Técnico en xestión administrativa.

Onde se realiza o traballo?

En calquera tipo de empresa, independentemente do seu tamaño e do sector de actividade, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

CICLO DE GRAO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Que título se obtén?

Técnico superior en administración e finanzas.

Onde se realiza o traballo?

En calquera tipo de empresa, independentemente do seu tamaño e do sector de actividade, así como nas administracións públicas, desempeñando as tarefas administrativas na xestión e no asesoramento nas áreas laboral, comercial, contable e fiscal, ofrecéndolles un servizo e atención á clientela e á cidadanía, realizando trámites administrativos coas administracións públicas e xestionando o arquivo e as comunicacións da empresa.

INSTALACIÓNS NO CENTRO EDUCATIVO

Aula de Xestión

21 ordenadores en rede e con conexión a Internet (un ordenador por alumno), proxeutor, pantalla, impresora, escáner, fax, teléfono e material de oficina.

Aula de Informática

29 ordenadores en rede (un ordenador por alumno), proxeutor, pantalla, escáner e impresoras.



FAMILIA PROFESIONAL "ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA"

CICLO DE GRAO MEDIO DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS

Que título se obtén?

Técnico en instalacións de telecomunicacións.

Onde se realiza o traballo?

En microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación, instalacións de circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica, centrais telefónicas e infraestruturas de redes de voz e datos, sonorización e megafonía, instalacións de radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA: ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Que título se obtén?

Título profesional básico en electricidade e electrónica.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en empresas de montaxe e mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais, con supervisión de nivel superior e baixo a regulación do Regulamento Electrotécnico de baixa Tensión e da Normativa das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

INSTALACIÓNS NO CENTRO EDUCATIVO

Talleres

4 Talleres con máis de 90 m² de superficie cada un, dotados de entrenadores, comprobadores, equipos de última xeración, etc...



FAMILIA PROFESIONAL "SANIDADE"

CICLO DE GRAO SUPERIOR DE LABORATORIO CLÍNICO E BIOMÉDICO

Que título se obtén?

Técnico superior en laboratorio clínico e biomédico.

Onde se realiza o traballo?

No sector sanitario, en organismos e institucións do ámbito público e en empresas privadas, na área do laboratorio de análises clínicas, así como no diagnóstico, no tratamento, na xestión e na investigación.

INSTALACIÓNS NO CENTRO EDUCATIVO

Laboratorio de análises clínicas

Laboratorio dotado de coulter para recontos hematolóxicos, microscopios ópticos, microscopio de fluorescencia, contador de colonias bacterianas, autoclave, fotómetro clínico, espectrofotómetros, autoanalizador para determinacións bioquímicas, fotodensímetro, centrífugas, destiladores, cubetas de electroforese e de ELISA, un equipo quimiluminiscencia-fluorescencia e termociclador.

Aula de informática

Un computador por alumno/a con conexión a internet.

**TODOS OS CICLOS DISPOÑEN DE AULAS
POLIVALENTES DOTADAS DE ORDENADOR CON
CAÑÓN DE VIDEO E BIBLIOTECA ESPECIALIZADA.**

